

MAÑANA

La Marquesa Rosalinda

176 páginas

2,95 euros



La colección de Valle-Inclán llega a su fin con una obra de teatro en la que el escritor juega con la tradición y contribuye a modernizar la escena de su tiempo. El libro puede adquirirse con el periódico por 2,95 euros

«La marquesa Rosalinda», con La Voz

X. F. REDACCIÓN / LA VOZ

La Marquesa Rosalinda, que los lectores de La Voz pueden adquirir mañana con el periódico por 2,95 euros más el cupón impreso en el lomo del diario, concluye la colección con una selección de las mejores obras del escritor gallego. Como en los volúmenes anteriores, la edición del texto ha estado al cuidado de especialistas de la Cátedra Valle-Inclán de la USC, en este caso por Rosario Mascato, quien enmarca el origen de la obra teatral en el

debate «a propósito da pretendida “desaparición da lírica castellana”, que acabou con muchos de los polemistas en el conservadurismo del llamado «modernismo casticista». «Non é o caso de Valle-Inclán», argumenta Mascato, «que neste texto ofrece unha poética da subversión da tradición». Por tanto, en La marquesa Rosalinda hay presencia de la Commedia dell'Arte —Arlequín es un personaje de



«Os xenios teñen estas cousas: cun idioma falan outro»

Rubén Ruibal
Premio Nacional de Literatura Dramática

la obra—, pero también ecos de «Garcilaso, Cervantes, Góngora, pero sobre todo de teatro de Séculos de Ouro, así como da ilustración, o simbolismo e o modernismo». Y, como no podía ser de otra forma tratándose de Valle, «todo baixo o prisma da parodia, da carnavalización, do gro-

tesco, nunha proposta moi persoal e periférica fronte ao xa hexemónico do momento». Sin embargo, recuerda la especialista, los textos de Valle-Inclán «non contan cunha mensaxe única. Condensan a revisión de séculos de historia das ideas estéticas e culturais, así como da produción literaria de distintas correntes e tradicións». El escritor revisa la tradición teatral como revulsivo para un sector necesitado de un debate. Como él mismo afirmó: «Los pueblos que saben de su pasado saben de su porvenir».

A música de Valle

Se por algún extraño azar alguén me pedise recomendación dunha obra de Valle raramente diría La Marquesa Rosalinda, aínda que creo que calquera escritor de teatro citable daría algunha das súas mellores pezas por ser el o autor. Imaxino que, diante da cuestión, tiraría dos clásicos, ou falaría de que Jardín Umbrío supuxo abrir unha porta e deixar entrar luz —que paradoxo!— para un pequeno de quince anos a quen lle caeu nas mans. Probablemente aproveitase para dar un discurso sobre como, por medio do mestre Roberto Vidal Bolaño, Luces de Bohemia chegou ás nosas artes coa súa extraordinaria Doentes. Ou faría publicidade desa Luces de Bohemia do século XXI que é Ud. No Está Aquí de Fernando Epelde, un de Ourense que non farta de gañar premios e sementar xenialidades por múltiples campos das artes; entre elas, Umno e Gato, os Max Estrella e Don Latino que protagonizan a delirante e lediciosa road movie por Madrid que é Ud. No Está Aquí. Se cadra, aproveitando a pregunta, presumiría de ter pasado sete horas sentado no teatro Rosalía da Coruña, a finais do século pasado, para admirar as Comedias Bárbaras que trouxera o Centro Dramático Nacional.

Pero tamén tiven a sorte de poder ver posta en escena, hai dous ou tres anos, unha versión de La Marquesa Rosalinda a cargo da Aula de Teatro da Universidade Carlos III de Madrid. Era un espectáculo musical e brillante, como moitos dos das nosas ignoradas aulas de teatro universitarias. Puiden aí decatarme do ben que soaban aqueles versos que eu xa lera e recordar como, nunha intervención de Arlequín na primeira xornada da peza, descubri



Ramón del Valle-Inclán
La Marquesa Rosalinda
Farsa sentimental y grotesca

que Valle era capaz de, escribindo en correcto castellano en verso, facernos oír a música do italiano. Proben: lean en voz alta ese treito. Alucinante.

Os xenios teñen estas cousas: cun idioma falan outro, escriben case sen querer un cume do modernismo como Jardín Umbrío, fan Luces de Bohemia —case nada— e, para rematar, divértense cunha farsa cortesá na que, ademais de apuntar ás desigualdades, entreteñen á asistencia co ritmo e a musicalidade do idioma. Porque esa é tamén unha obsesión de Valle: o son das linguas.

Hai anos, no catálogo dunha exposición que a USC fixo sobre el, tiven a oportunidade de ler unha súa loanza do Mar i cel de Guimerá en catalán en contraste cunha versión traducida á que asistira previamente; Valle tamén resaltaba a importancia do diálogo no teatro francés ou aludía ao «bretemoso teatro do norte». Porque «o teatro é o menos universal que existe, cada país ten o seu», afirmaba. E dicía tamén: «As letras españolas son o teatro», e logo mencionaba a Calderón, Lope e Tirso a canda un solitario Cervantes. E, xa para rematar: «En España as cousas expresámolas a berros, só a berros». Un visionario, Don Ramón. Ese catálogo, o terceiro volume, serve para decatarse do amplísimo coñecemento que demostra sobre o teatro ou da agudeza das súas análises de múltiples aspectos das artes e da vida. Pero ao que ía: Valle entende que o teatro ten que soar, e di que «unha lingua cando é bela e nobre de veras é cando soa».

Lean La Marquesa Rosalinda; lean versos, sempre; lean en voz alta; e vaian ao teatro. Aparten un pouco do berro e do papel pintado ata o fin da liña. Entre outras cousas, Valle —como Epelde ou calquera outro emigrante dos nosos— levou para Madrid a cabeza chea dunha peculiar música. Aquí a teñen.

PARA LEER



«Leyendas de otoño»

Jim Harrison

Traducción de Luis Alvear

Errata Naturae Editores

350 páginas. 22,90 euros

H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ

Ni la muerte parece haber redimido la obra de Jim Harrison (Grayling, Michigan, 1937-Patagonia, Arizona, 2016). Claro que si no lo logró Brad Pitt en aquella adaptación cinematográfica de *Leyendas de pasión* —dirigida en 1994 por el fiño Edward Zwick— que protagonizó... A lo mejor la inclusión de este título en la bellísima colección Libros Salvajes de la editorial Errata Naturae consigue lo que no pudo en 1981 el sello Bruguera con su primer intento (el original es de 1979) de ensalzar al autor. Aquella versión española no solo era pionera y audaz, sino que lucía una hermosa traducción a cargo de Luis Alvear, tan vigorosa que es el pilar del feliz rescate que hoy nos ocupa. Cualquiera que lea el libro entenderá que el filme se queda muy lejos en su vuelo de la altura de la obra literaria. Quizá sea la esencia de su independencia y su espíritu libre lo que hace que *Leyendas de otoño* —compuesta por tres *nouvelles*, *Venganza*, *El hombre que renunció a su nombre* y *Leyendas de otoño*— siga emboscada en las grandes praderas americanas y le cueste hallar un hueco en la academia y el canon. Harrison era como su obra, una extraña mezcla de ingenuidad y violencia, llena de poesía, sensualidad y amor por la naturaleza y el paisaje, por muy despiadado que este resulte. Fue sobre todo por eso por lo que fracasó en su aventura en Hollywood —sus guiones y las adaptaciones de sus libros son prescindibles—, aunque hizo buenas amistades con Jack Nicholson, Warren Beatty, Sean Connery, Bill Murray y Danny DeVito. Admirador de Antonio Machado y Federico García Lorca, su sensibilidad estaba muy por encima de la sordera de Hollywood, pero fue su fuente de ingresos durante un tiempo. Incluso en Francia —era un amante confeso de la bebida y la comida, un *gourmet* que adoraba el buen vino— Harrison se sentía más querido. Él, en cuanto podía, abandonaba la ciudad en busca de las montañas y los espacios abiertos del Viejo Oeste.